

PREGUNTA DE AER SOBRE A ILLA DE SAN SIMÓN

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

Dende a desaparición da Fundación da Illa de San Simón descoñecemos que Consellería ou departamento da Xunta leva a súa xestión, tampouco sabemos a quen hai que dirixirse para poder visitar a illa e se existe algún medio de transporte facilitado ou xestionado pola Xunta para poder visitar a mesma. Presentamos un rexistro o 19 de setembro para que nos facilitaran esta información por escrito e asinada polo conselleiro responsable, pero como ven sendo habitual, non obtivemos resposta, polo que repetimos o rexistro en forma de preguntas:

Existe algún medio de transporte facilitado ou xestionado pola Xunta de Galiza para visitar a Illa e a quen hai que dirixirse para poder visitala?

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO di que o tema do transporte á illa segue a ser igual que cando existía a fundación e é xestionada pola consellería de Cultura.